



Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

ANUNCIO DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DO PROCESO SELECTIVO DUN/HA DOCENTE PARA O OBRADOIRO DE EMPREGO A LARACHA IX. ESPECIALIDADE PINTURA INDUSTRIAL

A Laracha, 11 de novembro de 2024

Sendo as 09:35 horas, os/as integrantes do Tribunal cualificador do proceso selectivo dun/dunha docente de obradoiro, especialidade pintura industrial, reúnese para a súa constitución efectiva e valoración de méritos:

Os/as asistentes son os seguintes:

- **Presidenta:** Ramón Soengas Gómez, funcionario do Concello da Laracha
- **Secretaria:** Jorge Vidal Zapatero, funcionario do Concello da Laracha
- **Vogais:**
 - o Ana C. Jiménez Mosquera, funcionario/a do Concello da Laracha
 - o Patricia García Varela, funcionario/a do Concello da Laracha
 - o Marta Caamaño Tuset, funcionario/a do Concello da Laracha

De seguido declárase constituído o Tribunal cualificador de conformidade coas bases reguladoras da convocatoria das que os distintos membros son coñecedores.

Os membros do tribunal declaran ter consultado a lista definitiva de aspirantes e que non concorre ningunha situación de abstención/recusación segundo o disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público.

Posteriormente, procédese á valoración dos méritos alegados polos aspirantes para a fase de concurso para o cal se fixan para ser tidos en conta os seguintes criterios xerais, de acordo co previsto nas bases da convocatoria.

-Só se valorarán curso de formación que versen sobre materias directamente relacionadas coas funcións e/ou competencias profesionais propias da vacante convocada relacionados, sempre que os cursos contén con homologación/recoñecemento oficial (entendendo a tal efecto que foran impartidos, organizadas, recoñecidas e/ou homologadas por Administracións públicas, universidades públicas, entidades ou





organismos dependentes destas e/ou habilitados oficialmente aos ditos efectos formativos (como sindicatos ou colexios profesionais)), sempre que a súa duración sexa igual ou superior a 20 horas.

Na certificación acreditativa da realización dos cursos deberá constar a data de realización, duración, obxecto e temario; de non figurar, non serán valorados.

-Valorarase por unha soa vez os diferentes cursos cun mesmo obxectos ou referidos a unha mesma materia, valorándose unicamente o de nivel superior ou avanzado.

Finalizada a valoración, faise público o seu resultado:

NOME	APELIDOS	DNI	FORMACIÓN COMPLEMENTARIA (MAX. 1 PUNTOS)	CUROS REALIZADOS (MAX. 2 P)	EXP. PROFESIONAL (MAX. 17 P)	TOTAL MERITOS
ILDEFONSO	GARCIA DE LONGORIA RAMOS	***0248**	1,00	0,75	0,00	1,75

Recordase aos aspirantes que o exame da fase de oposición terá lugar o vindeiro xoves 14.11.2024 ás 10:00 horas na Casa do Concello da Laracha.

E non sendo outro o obxecto da presente, dáse por rematado o acto sendo as 09:55 horas, e asina o secretario do tribunal electronicamente

